

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOS

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACION DE VARIAS ORDENANZAS: FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, IMPOSTO DE BENS INMOBLES E OUTRAS.

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 07 de novembro de 2014, núm. 216, referente ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2014, sobre modificacións das seguintes Ordenanzas:

- 1) Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- 2) Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.
- 3) Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- 4) Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos nas piscinas municipais.
- 5) Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.
- 6) Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asillas, estadas e outras instalacións.

E o non presentarse reclamacións en contra das mesmas, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, quedan aprobadas definitivamente e fanse públicos os textos íntegros das citadas modificacións.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBEL

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes, mentres non cause baixa nos mesmos. Ós efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permiso temporal e matrícula turística.

3. Non están suxeitos:

a) Os vehículos que, sendo dados de baixa dos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibición, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica que a súa carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 2. EXENCIONES

Estarán exentos os vehículos que dispón o artigo. 93 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Legislativo 2/2004, de 5 marzo.

A exención por minusvalía a que fai referencia o apartado e) do paragrafo anterior, terá efectos no mesmo ano en que se solicita, sempre e cando a solicitude sexa anterior a data do vencemento do prazo de pagamento en período voluntario. En caso contrario, a exención surtirá efecto no exercicio seguinte á aquel no que se solicitou.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos do imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art.. 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4. COTA

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os coeficientes de incremento das cotas fixadas no artigo 95.1 do citado texto legal serán as seguintes:

A) Turismos:

De menos de 8 cabalos fiscais:	18,67 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais:	51,74 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais:	110,58 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais:	143,65 €
De 20 cabalos fiscais en diante:	194,03 €

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas:	132,46 €
De 21 a 50 prazas:	188,66 €
De máis de 50 prazas:	235,83 €

C) Camións:

De menos de 1.000 kg de carga útil:	67,21 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil:	132,46 €
De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil:	188,66 €
De máis de 9.999 kg de carga útil:	235,79 €

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais:	28,13 €
De 16 a 25 cabalos fiscais:	44,17 €
De máis de 25 cabalos fiscais:	133,47 €

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil:	28,13 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil:	44,17 €
De máis de 2.999 kg de carga útil:	132,46 €

F) Outros vehículos:

Ciclomotores:	7,51 €.
Motocicletas ata 125 cc:	7,51 €
Motocicletas de máis de 125 cc ata 250 cc:	14,14 €

Motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc:	28,27 €
Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc:	57,43 €
Motocicletas de máis de 1.000 cc:	114,86 €

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

Os suxeitos pasivos titulares de vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación ou, se esta non se coñecera, tomaríase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, poderán solicitar unha bonificación do 100 por 100 na cota do imposto. A bonificación establecido no apartado anterior será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto, con anterioridade ó remate do cobro en período voluntario, e deberase aporta-la documentación acreditativa necesaria para determina-lo sinalado no apartado anterior. No caso de ser estimada a bonificación, surtirá efectos dende o 1 de xaneiro do ano correspondente. O pago do imposto acreditarase mediante declaración-liquidación ou recibo, debidamente validado pola Entidade Recadadora.

Terán dereito a unha bonificación do 75% da cota do imposto os suxeitos pasivos titulares de vehículos con motor eléctrico e emisións nulas cando conste acreditado mediante presentación da ficha técnica do vehículo.

En canto a tramitación enténdese aplicable o regulado neste artigo para a bonificación prevista para vehículos históricos.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincide co do ano natural, salvo nos casos de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.

2. O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos casos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e iso dende que se produza a baixa temporal no rexistro público correspondente.

ARTIGO 7. XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados na vía de xestión tributaria, todos eles en período voluntario, corresponde ao Concello, salvo convenio de delegación con algún organismo público ou entidade privada. Nembargante, a xestión, liquidación e recadación en período executivo corresponde ao ORAL.

2. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data de adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo Concello que se acompañará á documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e do Documento Nacionalidade de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

3. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante Padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se encontren inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

O Padrón do imposto exporase ao público anualmente polo prazo de quince días para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no BOP, e producirá os efectos de notificación da liquidación de cada un dos suxeitos pasivos.

ARTIGO 8. ACREDITACIÓN DO PAGAMENTO

O pago do imposto acreditarase mediante a declaración- liquidación do recibo, debidamente validado pola Entidade Recadadora.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi modificada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2.014, e entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou ate a derogación expresa da mesma.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

ARTIGO 1º.- FEITO IMPOÑÍBEL.

Constitúe o feito impoñíbel deste imposto ó definido no artigo 61 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos do imposto os que define como tal o artigo 63 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

ARTIGO 3º.- REPOSANBLES.

A responsabilidade, tanto solidaria como subsidiaria, esixirase según o que dispoñen os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e outras disposicións concordantes.

ARTIGO 4º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIONS

1.- Serán de aplicación as exencións establecidas no artigo 62 do R.D 2/2004, e no resto das disposicións legais que sexan de aplicación. Sen prexuízo do anterior, decláranse exentos de pago os bens rústicos e urbanos con unha cota líquida inferior ou igual a seis euros.

2.- Establécese unha exención a favor dos bens que sexan titulares os Centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos de ditos Centros.

Para a concesión da exención requirírase a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo Centro sanitario, e a súa afección directa aos fins sanitarios de ditos Centros.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos ata o 31 de decembro do exercicio anterior en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia ou ben, autorización a Administración Tributaria do Concello para recabar os datos da Axencia Tributaria. No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e, así mesmo autorizarase para que se recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBEL

1.— Está constituída polo valor catastral dos inmobles urbanos, rústicos e de características especiais calculado conforme ó que determina o artigo 65 do R.D. Lexislativo 2/2004.

2.— Este valor será o actualizado que resulte, no seu caso, da aplicación dos coeficientes que fixen as sucesivas Leis de Presupostos Xerais do Estado para cada período impositivo.

ARTIGO 6º.- TIPOS DE GRAVAMEN E COTA

1.— O tipo de gravame será:

- Cando se trate de bens de natureza urbana: 0,54%
- Cando se trate de bens de natureza rústica: 0,70%
- Cando se trate de bens inmobles de características especiais: 1,30%.

2.— A cota do imposto é o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame.

ARTIGO 7º.- PERÍODO IMPOSITIVO E ACREDITATIVO DO IMPOSTO

De acordo co que dispón o artigo 75 do Real Decreto Legislativo 2/2004:

1. O período impositivo coincide co ano natural.
2. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
3. As variacións de orde físico, económico e xurídico, incluíndo as modificacións da titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no cal se producen.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN DO IMPOSTO

A xestión do imposto efectuarase de acordo co que dispón o artigo 77 do R.D. Legislativo 2/2004, sen prexuízo das delegacións de competencias que nesta materia acorde o Concello.

ARTIGO 9º.- REXIME DE INGRESO

O prazo de cobro dos valores-recibos notificados colectivamente determinarase anualmente mediante calendario de cobro, do cal darase coñecemento mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As modificacións producidas po la Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DIPSPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2.014, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS,
INSTALACIÓNS E OBRAS**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E RÉXIME*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2. Son actos suxeitos a previa licenza, sen prexuízo das demais autorizacións que poidan esixirse segundo a lexislación aplicable a cada caso concreto, e constitutivos do feito imponible:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova planta
- b) Obras de ampliación de edificios e instalacións de toda clase existentes
- c) Obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de toda clase existentes
- d) Obras de modificación do aspecto exterior de toda clase de edificios e instalacións de toda clase existentes
- e) Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios
- f) Obras e usos que se teñan que realizar con carácter provisional no caso de que estean xustificadas

g) Movements de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns, obras de instalación de servizos públicos e, en xeral, as de urbanización, excepto que estes actos estean detallados coma obras a executar dentro dun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña da licenza outorgada.

h) Demolición de construcións, salvo casos declarados de ruína inminente

i) Instalacións subterráneas dedicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís, profesionais, servizos públicos ou a calquera outro uso o que se destine o subsolo

j) Obras de construción de infraestruturas civís, salvo que estes actos foran detallados e programados como obras a executar nun plan especial ou nun instrumento de ordenación territorial

k) A construción de zoas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable

l) A instalación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, salvo que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zoas expresamente previstas para tal finalidade

m) Instalación de invernadoiros

n) A colocación de carteis ou paneis de propaganda visibles dende a vía pública

o) Os peches de terreos

p) Obras de apertura de camiños e accesos a parcelas en chan rústico, salvo as autorizadas polo organismo competente en materia agraria/forestal

q) Alienacións e rasantes

r) Obras de fontanería

s) Instalacións de elementos permanentes, tales como postes de telefonía móbil, transmisións e similares, sobre inmobles.

t) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo a Lei 9/02, de 30 decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan os donos das obras; en caso contrario, considerarase contribuínte quen ostente a condición de dono da obra.

Ós efectos do previsto no parágrafo anterior ten a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que quen realice a obra non sexa o suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir, non obstante, ó contribuínte a cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, van ser destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo polos Organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova coma de conservación.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe da execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, os prezos públicos e demais prestacións de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de redacción do proxecto, o beneficio empresarial do contratista, nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2. Para o cálculo da base imponible non se terá en conta o presuposto presentado polos interesados, senón que se determinará tomando como referencia o Manual de Estimación Simplificada dos Presupostos de Execución Material da Edificación aprobado pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na sesión 13/2000 de 15 de decembro,

para as obras de nova planta, reforma, rehabilitación ou grande reparación; para as restantes construcións, instalacións ou obras aplicarase a Base de Datos de construcións de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

3. Anualmente, actualizaranse de forma automática os módulos de valoración anteriores, en canto sexan aprobadas as modificacións correspondentes pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, así como polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

ARTIGO 6. COTA

A cota deste imposto será o resultado de aplica-la base impositiva o tipo de gravame. O tipo de gravame do imposto será o 4,00 por 100.

ARTIGO 7. BONIFICACIÓNS

1. Estableceranse as bonificacións do seguinte cadro:

a) Construcións, instalacións u obras declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais que xustifiquen tal declaración:	95%
b) Edificios histórico-artísticos catalogados como tales:	95%
c) Construcións, instalación e obras referentes as vivendas de protección oficial durante os tres anos seguintes ao do outorgamento da cédula de cualificación definitiva, debendo axustarse a mesma xunto coa solicitude.	50%

2. As bonificacións anteriores terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante o Concello, no intre de aportar a documentación necesaria para a concesión da licenza.

3.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo en vivendas unifamiliares do 95%

ARTIGO 8. DEVENGO

O imposto devengarase no intre de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 9. XESTIÓN

1. O imposto esixirase en réxime de liquidación feita polo propio Concello, estando obrigados os suxeitos pasivos a efectuar o pago en calquera entidade colaboradora autorizada previamente á retirada da licenza concedida e, en todo caso, dentro do prazo previsto legalmente, incluso cando non se houbera solicitado, concedido ou denegado aínda a devandita licenza, sen que o pago realizado leve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor daqueles.

2. O pago da liquidación terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez finalizada a construción, instalación ou obra. Á vista da documentación aportada, así como das construcións, instalacións ou obras realizadas efectivamente, e do seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna

comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva estimada anteriormente, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo e reintegrando o suxeito pasivo, según proceda, a cantidade que corresponda, sen prexuízo das sancións que procedan.

3. No caso de que se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra, e supuxera un incremento no orzamento, unha vez aceptada pola Administración a modificación, deberá formularse liquidación complementaria dela pola diferenza do orzamento inicial e o modificado, aplicando o disposto no art. 5.2 desta ordenanza, con suxeición os prazos, requisitos e efectos subliñados nos apartados anteriores.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o art. 11 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal comeza a aplicarse a partir do día 01.01.1990, tra-la aprobación polo Pleno, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Foi modificada posteriormente polo Pleno do Concello, con carácter definitivo o 23 de xaneiro de 2001, e entrou en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no BOP.

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2.014, e entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no BOP.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NAS PISCINAS MUNICIPAIS.

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do mesmo R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa polos servizos que se prestan nas piscinas municipais de Mos.

Artigo 2.- Feito impoñíbel.

Constitúe o feito impoñíbel da taxa, a prestación dos servizos nas piscinas municipais, especificados na tarifa desta taxa.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 de Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4.- Responsables.

1. Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota Tributaria.

CONCEPTO	EUROS
----------	-------

1. Cursos:

1.1 Curso de 1 día a semana:

a) Nenos de 1 a 3 anos.	10,50 €
b) Nenos de 4 a 16 anos, pensionistas e persoas con discapacidade superior o 33%.....	12,00 €
c) Adultos	14,50 €
d) Grupos organizados por centro de educación, cada neno.....	7,03 €

1.2 Curso de 2 días por semán:

a) Nenos de 1 a 3 anos.	21,00 €
------------------------------	---------

- b) Nenos de 4 ata 16 anos, pensionistas e persoas con discapacidade superior o 33%. 19,50 €
- c) Adultos. 24,00 €

1.2 Curso de 3 días por semán:

- a) Nenos de 1 a 3 anos. 30,50 €
- b) Nenos de 4 ata 16 anos, pensionistas e persoas con discapacidade superior a 33%. 25,30 €
- c) Adultos. 30,40 €

2. Abonos (20 baños, caducan aos 3 meses):

- a) Nenos de 1 a 3 anos. 17,10 €
- b) Nenos de 4 ata 16 anos, pensionistas e persoas con discapacidade superior o 33%. 16,40 €
- c) Adultos. 24,00 €

3. Baños libres (precio hora):

- a) Nenos de 1 ata 16 anos, pensionistas e persoas con discapacidade superior o 33%. 1,20 €
- b) Adultos. 2,10 €

4. Colectivos veciñais, culturais e deportivos:

- a) Pola utilización do servizo entre 15 e 30 membros Reducción do 20 %
- b) Pola utilización do servizo mais de 30 membros Reducción do 30%

Para gozar de esta bonificación os colectivos interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.
- Estar inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

- Estar integrados por un mínimo de 15 membros.
- A utilización da piscina realizarase xuntamente polo número de membros indicado nos puntos 4.a) e 4.b).

5. Ximnasio de mantemento: 10,00 €/persoa dous días a semana.

6. Programa exercítate: 7,00 €/persoa.

7. Desconto para familias nos cursos de natación da piscina municipal:

Bonificación aplicable aos fillos menores de idade usuarios de cursos de natación que estean tamén inscritos en cursos de natación ou que queiran facelo. O primeiro fillo pagará o 50 por cento do curso e o segundo fillo e seguintes poderán asistir de forma totalmente gratuita, mentres que o pai usuario da piscina deberá continuar a paga-la mesma cantidade de sempre; pero baste con que un dos progenitores sexa usuario, non fai falla que o sexan os dous.

Matrícula en cursos: 6,00 € o primeiro mes. No caso de producirse unha baixa superior a un mes ao largo do curso por causas non imputables a administración, deberá aboarse novamente o importe da matrícula. O efecto de proceder un seguimento das asistencias para liquidar cando proceda o importe correspondente a matrícula o persoal adscrito a piscina remitirá as dependencias municipais (Tesourería Municipal) un listado das asistencias das persoas inscritas nos cursos.

Cando por causas imputables o Concello non se poda prestar o servizo dos cursos, poderáse prorrate-la taxa por semanas.

Artigo 6. Beneficios fiscais.

Soamente se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

Artigo 7. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuir cando se presente a solicitude de prestación do servizo da actividade.

Artigo 8. Liquidación.

1. Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liquidación se poida cuantificar no momento da presentación da solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

2. Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liquidación non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

3. Si se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, procederáse a liquidar e notificar a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen perxuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9. Ingreso.

O pago desta taxa para todo tipo de usuario, realizarase con carácter previo a disfrute do servizo ou actividade, ben na Tesoureira municipal ou na propia piscina mediante a tarxeta de crédito ou débito.

DISPOSICIÓN ADICIONAL UNICA

Cando existan os convenios de colaboración a que se fai referencia no artigo 27.2 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza, cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente, queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos que se prestan nas piscinas municipais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 23 de Outubro de 2014, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º.—Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola expedición de documentos administrativos.

Artigo 2º.—Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida co motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades municipais.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte de calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das funcións políticas, sindicais e de réxime interno, así como as presentadas polas Asociacións Veciñais, Culturais e de interese público. Así como a documentación necesaria para a matriculación en Centros de Ensino.

Artigo 3º.—Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou teñan interese na tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.—Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.—Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte

2. A cota de Tarifa correspondente á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

*Artigo 6º.—Tarifa**a) Documentos expedidos polas dependencias municipais. Importe €*

Certificado de empadramento, convivencia e similares	2,10 €
Certificado de débedas	2,10 €
Certificación de acordos municipais	5,53 €
Certificado de informes emitidos polos técnicos municipais	5,53 €
Certificación de acordos municipais e certificación de informes emitidos polos técnicos municipais cando obren en arquivo	6,91 €
Certificacións Catastrais sobre Padróns	3,32 €
Informacións urbanísticas e certificacións de clasificación e cualificación urbanística, alturas, aliñacións e rasantes e outros documentos análogos . . .	11,34 €
Bastanteo de Poderes e lexitimación personalidade sempre que se solicite a súa aportación para actos, contratos ou trámites neste Concello	7,62 €
Verificación da totalidade dos dereitos de cesión o Concello por razóns urbanísticas	38,68 €
Dilixencias de compulsas de documentos, por cada folla:	
se son documentos internos	1,11 €
se son de fora	2,21 €
Por follas restantes do mesmo documento, por folla	0,55 €
Copia simple, en branco e negro, en DIN A4, por folio	0,11 €
Copia simple, en branco e negro, en DIN A3, por folio	0,17 €
Copia simple, en branco e negro, por cada folio de documento en arquivo:	
Unha copia simple	1,11 €
de 2 a 10 copias, por cada unha	0,88 €
de 11 a 20 copias, por cada unha	0,55 €

de mais de 21 copias, por cada unha	0,28 €
Exemplar das ordenanzas fiscais en soporte papel	3,32 €
Por cada copia do atestado, a instancia de parte, instruído pola policía local .	13,26 €
Por informe complementario, a instancia de parte, da policía local	55,25 €
Certificación descritiva e gráfica do Catastro referida a unha parcela	15,00€

b) Terán dereito a unha bonificación do 100% da taxa os desempregados empadroados en Mos que non perciban ningún tipo de prestación cando así se xustifique.

Artigo 7º.—Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos aos que se refire o nº 2 do art. 2, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 8º.—Declaración e ingreso.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o art. 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requirirá ao interesado para que no prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituíndo o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuxos exemplares unirase ao escrito e outro á copia que se devolva ao interesado.

Artigo 9º.—Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, estarase aos dispostos nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2.014, quedando definitivamente aprobado ao non haberse presentado reclamación algunha contra a mesma na exposición pública.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercancias, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, que se rexerá pola presente OrdenanzaFiscal, cuxas normas atenden no previsto no art. 57 do citado R.D. Lexislativo 2/2004.

ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a ocupación de terreos de uso público local con:

a) Mercancías, materiais de construción, escombros

b) Vallas, estadas ou outras instalacións análogas

c) Puntais, asnillas e grúas

d) Depósito e vertido de escombros en parcelas de titularidade municipal procedentes da construción e demolición de edificios ou de terras procedentes da escavación e nivelación de terreos previo informe técnico.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria a cuxo favor se outorguen as licencias, ou a quen se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. A cota da taxa será:

Concepto Euros

Por ocupación m2 e día 0,08

Por ocupación un ano ou máis, por m2/ano 0,86

2. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada a concesión mentres non se presente a declaración de baixa, que causará efecto a partir do día seguinte ao sinalado na correspondente declaración. Calquera que sexa a causa alegada en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa

3.- Depósito e vertido de escombros en parcelas de titularidade municipal procedentes da construción e demolición de edificios ou terras procedentes da escavación e nivelación de terreos que non necesiten de tratamento posterior: 1,00 €/m3.

Para os restantes supostos: 2,50 €/m3.

ARTIGO 7. DEVENGO

Devengarase a Taxa e nace a obrigación de contribuir:

a) Cando se inicien o uso privativo ou o aproveitamento especial, entendéndose que se produce no momento da autorización ou licenza para ocupación do dominio público

b) Cando se produza o uso privativo ou o aproveitamento especial sen solicitar licenza, o nacemento a cobro terá lugar no momento en que se inicie dito aproveitamento

ARTIGO 8. XESTIÓN

1. As cotas correspondentes serán satisfeitas por cada aproveitamento solicitado ao retirar a licenza correspondente.

2. O control das licencias concedidas se levará polo Negociado de Rendas e a Inspección de Rendas, se a houber, do Concello. Co obxecto de poder realizar un control eficaz, o negociado municipal competente para tramitar a concesión da correspondente licenza pasará nota ao Negociado de Rendas de todas as licencias que conceda.

3. Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no art. 20 do R.X.R. para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente de sanción por infracción tributaria.

ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva aprobou o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999. Posteriormente, foi modificada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 5 de decembro de 2002, e entrou en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 246 con data de 26 de decembro de 2002, sendo de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Esta modificación foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 23 de outubro de 2014, e entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP.

E o non presentarse reclamacións en contra das mesmas, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, quedan aprobadas definitivamente e fanse públicos os textos íntegros das citadas modificacións.

Mos, a 16 de decembro de 2014.—A Alcaldesa, Nidia M^a. Arévalo Gómez.

2014021632